

## LISTA DE ASISTENTES

Álvarez Jiménez, Maruxa  
Armesto Quiroga, José Ignacio  
Bendoiro Mato, Adolfo  
Couto Candela, Daniel  
Cuevas Alonso, Miguel  
Fenollera Bolívar, María Inmaculada  
Gómez Reboiro, José Luis  
González Cespón, José Luis  
Lantarón Caeiro, Eva María  
López-Valeiras Sampedro, Ernesto  
Mahou Lago, Xosé María  
Montero Reguera, José Francisco  
Moure Rodríguez, María José  
Ramos Cabrer, Manuel  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Vázquez Domínguez, María Isabel  
Villar Lemos, María Ángeles

## DESCULPA ASISTENCIA

Acta da sesión ordinaria da Comisión de estudos propios da Universidade de Vigo do día 28 de maio de dous mil vinte e un, convocada para as 10:15 h en primeira convocatoria, e ás 10:30 h en segunda convocatoria na Sala de Xuntas 1 da Escola Aberta de Formación Permanente no Campus Remoto da Universidade de Vigo.

O día **28 de maio de 2021** ás 10:15 h deu comezo a xuntanza da Comisión de Estudos Propios, presidida pola Sra. Directora da Escola Aberta de Formación Permanente, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

Punto primeiro: Aprobación, se procede, da acta de constitución da comisión.

Punto segundo: Informe da Directora da Escola Aberta de Formación Permanente.

Punto terceiro: Aprobación, se procede, das solicitudes admitidas e excluídas na convocatoria de axudas económicas para a divulgación das actividades dos grupos de innovación docente 2021.

Punto cuarto: Rogos e preguntas.

### **Punto primeiro: Aprobación, se procede, da acta de constitución da comisión.**

Léese en voz alta e apróbase por asentimento a acta de constitución da Comisión de Estudos Propios do 28 de maio de 2021.

### **Punto segundo: Informe da Directora de la Escola Aberta de Formación Permanente.**

Intervén a Directora da Escola de Formación Permanente para informar, en primeiro lugar, sobre o estado do regulamento dos programas de formación permanente da Universidade de Vigo. A nova proposta de regulamento xa estivo en exposición pública e, tras atender varias alegacións procedentes de servizos da Universidade de Vigo, chegouse a un acordo de redacción definitiva. A normativa está agora mesmo en revisión por parte da asesoría xurídica para pasar posteriormente unha supervisión da súa redacción en galego e levala a aprobación no próximo claustro, previsiblemente no mes de xuño.

A Directora informa a continuación da recente apertura da páxina web do Campus Aberto da Universidade de Vigo (<http://campusaberto.uvigo.gal/>), na que se recollen todas as actividades de Formación Permanente da Universidade de Vigo. Dita web xa aparece referenciada na páxina web principal da Universidade de Vigo.

No referente a área de innovación educativa, programáronse catorce formacións no segundo cuadrimestre do curso académico 2020/2021. A práctica totalidade delas cubriron as prazas dispoñibles e impartíronse de forma virtual. Tamén estase a avaliar, en coordinación coa Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación, os proxectos de Aprendizaxe Servizo (ApS) presentados na convocatoria correspondente.

No Programa Universitario de Maiores, estase a facer unha adaptación deste programa ao crédito europeo. Se informará en próximas comisións da evolución deste programa.

Na actividade relativa a títulos propios, firmáronse recentemente dous convenios marcos de colaboración. O convenio coa Fundación Celta de Vigo está orientado á creación dun máster en xestión de fundacións

deportivas. O convenio con Grupo Oesía está orientado á organización de diversas actividades relacionadas con contidos sobre transformación dixital, ciberseguridade, etc.

**Punto terceiro: Aprobación, se procede, das solicitudes admitidas e excluídas na convocatoria de axudas económicas para a divulgación das actividades dos grupos de innovación docente 2021.**

A Directora informa sobre a convocatoria e a publicación na páxina web da dun pequeno resumo dos Grupos de Innovación Docente existentes na Universidade de Vigo.

Unha vez avaliadas pola técnica de innovación educativa e a dirección da Escola Aberta de Formación Permanente, a maioría das solicitudes presentadas considéranse que cumpren as condicións para ser aceptadas.

A solicitude do grupo DESIRE considerouse incompleta, polo que pediuse ao coordinador que a completase e axustase o presuposto á máxima axuda permitida na convocatoria.

Na solicitude do grupo MaREMa, o importe solicitado é moi superior á axuda máxima permitida na convocatoria. A Directora propón non financiarla por completo senón contribuír a dita proposta co importe máximo permitido.

Noutras tres propostas figuran gastos relativos a material de difusión en formato físico (dípticos, trípticos, etc.) que se consideran non procedentes seguindo as liñas de actuación da Universidade de Vigo. A Directora propón poñer a disposición destes grupos os recursos da Escola Aberta de Formación Permanente para a realización da difusión en formato dixital.

Na solicitude do grupo INNOVA-Uvigo figura un gasto relativo ó deseño dun logotipo para o grupo. A Directora propón poñer a disposición os recursos da Escola Aberta de Formación Permanente para a realización (en coordinación coa área de imaxe da Universidade de Vigo) dos logotipos dos grupos que así o soliciten.

A Directora tamén menciona que, por motivos de peche de orzamento, é necesario que todos os pagos das partidas sexan executados antes do quince de outubro. Na solicitude do grupo GID-EIQ figura a participación nun congreso que se celebra en novembro pero, como é un congreso 100% virtual, a Directora propón que excepcionalmente se conceda esta axuda sempre que a execución do gasto poda realizarse antes do vinte catro de novembro desde ano.

Para finalizar, o coordinador dun grupo de innovación docente ponse en contacto, tras o peche da convocatoria, para consultar se poderían presentar unha proposta fora de prazo. A Directora considera que non o estima pertinente pero propón, dado que a solicitude é relativa á creación da páxina web do grupo, estudar a súa realización con recursos da Escola Aberta de Formación Permanente.

Feitas as puntualizacións anteriores por parte da Directora, apróbase por asentimento a súa proposta de resolución provisional presentada ante a comisión, na que non hai solicitudes excluídas. **Inclúese a Resolución Rectoral correspondente no Anexo 1 deste acta.**

A Directora tamén solicita a delegación nela da aprobación da resolución definitiva se non hai reclamacións e/ou as diferenzas económicas entre a resolución provisional e a definitiva sexan pequenas. Apróbase por asentimento.

**Punto cuarto: Rogos e preguntas.**

Eva María Lantarón Caeiro pregunta si é posible crear grupos de innovación docente con integrantes de centros adscritos (como a Escola Universitaria de Enfermería). A Directora confirma que si é posible e que, de feito, tamén poden facerse con profesorado doutras universidades.

Adolfo Bendoiro Mato pregunta si é posible que aos grupos de innovación docente se incorpore profesorado doutras facultades (incluso xubilados). A Directora confirma que si é posible e que, de feito, os grupos son dinámicos e poden incorporar novos membros de ano en ano.

Maruxa Álvarez Jiménez pregunta si hai algún documento no que consten os requisitos para a formación de grupos de innovación docente. A Directora indica que na próxima convocatoria de creación de grupos de innovación docente se incorporará á mesma un documento no que figuren os requisitos. E tamén se establecerán criterios para a súa renovación.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:50 h do día 28 de maio de 2021, da que eu como secretario dou fe co visto e prace da Presidenta da Comisión de Estudos Propios.

A presidenta da Comisión de Estudos  
Propios

O secretario da Comisión de Estudos  
Propios

María José Moure Rodríguez

José Ignacio Armesto Quiroga